

Cálculo da RENDA per cápita da unidade familiar e MEMBROS computables:

Orde que regula a convocatoria:

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2024/20240520/AnuncioG0761-080524-0003_gl.html

Polo tanto, a renda a ter en conta é a do **exercicio fiscal 2022**. En todo caso, terase en conta a situación persoal e a composición da unidade familiar a 31 de decembro de 2022, agás cando unha sentenza de separación ou divorcio posterior atribúa a custodia exclusiva a un dos proxenitores, nos casos acreditados de violencia de xénero ou de falecemento dalgunha das persoas proxenitoras.

CÁLCULO DA RENDA:

Para saber se se cumpre o requisito da renda:

Cando se presentase a declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas: sumaranse a base imponible xeral (recadro 435) e a base imponible do aforro (recadro 460) das declaracións de cada un dos membros computables da unidade familiar.

Cando non se presentase: teranse en conta os ingresos de acordo cos datos tributarios facilitados pola Axencia Estatal de Administración Tributaria.

A renda per cápita é o resultado de dividir esa cantidade total entre o número de membros computables (tendo en conta que computarán por dous os membros da unidade familiar que acrediten unha discapacidade igual ou superior ao 33 %).

MEMBROS COMPUTABLES para os efectos desta orde:

- a) Os pais non separados legalmente nin divorciados ou, de ser o caso, o titor ou titores do alumnado.
- b) Os/as fillos/as menores de idade (salvo os emancipados) e as persoas tuteladas ou en acollemento familiar ou preadoptivo legalmente constituído.
- c) Os/as fillos/as maiores de idade discapacitados con curatela representativa ou suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.
- d) Os/as fillos/as solteiros/as menores de 25 anos e que convivan no domicilio familiar.
- e) Os proxenitores separados legalmente ou divorciados cando haxa custodia compartida forman unha unidade familiar cos fillos que teñen en común.
- f) A persoa que, por novo matrimonio, unión de feito ou análoga, resida no domicilio familiar coa persoa proxenitora do/a alumno/a, agás nos casos de custodia compartida.

Cando non exista vínculo matrimonial, a unidade familiar entenderase constituída polo pai, a nai e todos os descendentes que convivan con eles e que reúnan os requisitos descritos anteriormente.

Non terá a consideración de membro computable:

- A persoa proxenitora que non conviva co alumnado nos casos de separación legal ou divorcio, agás no caso de custodia compartida.
- O agresor nos casos de violencia de xénero.

Documentación necesaria

É IMPRESCINDIBLE que todos os solicitantes acrediten documentalmente os membros da unidade familiar na data do 31/12/2022 como se indica a continuación.

As persoas interesadas deberán achegar a canda a **solicitud (Anexo I)** a seguinte documentación:

a) Anexo II, para a comprobación de datos de todos os membros computables da unidade familiar. **Asinarán todos** os membros excepto a persoa proxenitora que se indicase como "solicitante". No caso dos fillos menores de idade (incluído o/a alumno/a) asinará por eles o pai ou a nai.

b) EN TODO CASO, copia do LIBRO DE FAMILIA onde figuren todos os membros computables. En caso de separación ou divorcio, deberán achegar **ademais** a sentenza xudicial e/ou convenio regulador onde conste a atribución da custodia do/da menor.

Excepcionalmente, poderase acreditar o número de membros computables utilizando algúns dos seguintes medios:

1º. Certificado ou volante de convivencia.

2º. Informe dos servizos sociais ou do órgano equivalente do concello onde resida a familia.

Nos casos especiais, achegarase un certificado ou volante de convivencia no cal deberán figurar o/a alumno/a e todos os familiares que convivan con el/ela, ou un certificado dos servizos sociais do concello que acredite a situación familiar.

En todo caso, **os documentos deberán ser válidos e eficaces no momento da súa presentación**, e reflectir a situación persoal, familiar e económica en 31 de decembro de 2022 (agás cando unha sentenza de separación ou divorcio posterior atribúa a custodia exclusiva a un dos proxenitores e nos casos acreditados de violencia de xénero).

c) Grao de discapacidade, cando non autorice a consulta automática ou cando fose recoñecido por un órgano que non pertenza á Xunta de Galicia.

d) Violencia de xénero. Acreditarase nas formas que enumera o artigo 5 da *Lei 11/2007 do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero*.

e) Incapacitación xudicial de incapacitación con patria potestade prorrogada ou rehabilitada, se é o caso. Acreditarase coa correspondente resolución xudicial.

f) Resolución administrativa ou xudicial acreditativa da **situación de acollemento ou do certificado do centro de menores**, cando o alumnado estea en situación de tutela ou garda da Xunta de Galicia.

Ademais, para todas as solicitudes, **no caso de non autorizar a comprobación telemática**, deberán achegar:

- Copia do DNI ou NIE dos membros computables da unidade familiar.
- Copia da declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas ou do certificado tributario de imputacións dos membros computables da unidade familiar do exercicio 2022.

Comprobación de datos

Consultarase automáticamente: os datos do DNI ou NIE dos membros computables da unidade familiar, do/da representante e solicitarase o consentimento expreso para consultar a declaración do imposto sobre a renda ou, na súa falta, o certificado tributario de imputacións do exercicio 2022 dos membros computables. Ademais, **cando se faga constar na solicitude, consultarase:** o certificado do grao de discapacidade recoñecido pola Xunta de Galicia e/ou a percepción de pensión de incapacidade permanente ou de pensión de clases pasivas equivalente a unha discapacidade igual ao 33 %. As persoas que se opoñan a estas consultas telemáticas deberán indicalo expresamente no recadro correspondente do formulario e achegar os documentos acreditativos.